BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
XOVES, 5 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 254
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO MUNICIPAL 2026

Ós efectos do disposto no artigo 161.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación, en sesión plenaria celebrada o día 5 de outubro de 2026, adoptou o acordo inicial de aprobación do orzamento para o ejercicio 2026, e trascorrido o prazo de exposición pública, sin que se presentasen reclamacións contra o mesmo, considerase definitivamente aprobado.

O importe do mesmo, resumido por capítulos é o seguinte:

GASTOS

CAPITULO	IMPORTE
I: Gastos de Personal	2.125.446,92
II: Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	2.405.268,04
III: Gastos Financieros	11.210,74
IV: Transferencias Corrientes	26.490
VI: Inversiones Reales	634.235,17
VII: Transferencias de Capital	
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	175.000
TOTAL	**5.377.650,87**

INGRESOS

CAPITULO	IMPORTE
I: Impuestos Directos	1.609.500
II: Impuestos Indirectos	150.000
III: Tasas y Otros Ingresos	1.578.700
IV: Transferencias Corrientes	1.473.013,39
V: Ingresos Patrimoniales	3.600
VI: Enajenación de Inversiones Reales	

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2026 (05/11/2026 08:00:00)

VII: Transferencias de Capital	562.837,48
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	
TOTAL	**5.377.650,87**

Asimesmo faise público o cadro de persoal do Concello:

A) Funcionarios de carreira: 19 PRAZAS

DENOMINACIÓN PRAZA		Nº PRAZAS	GR	SIT.	POSTOS EXISTENTES
1	**Escala de Habilitación Estatal**				
1.1	Subescala Secretaría-Intervención	1	A1/A2	O	- Secretaria-Inverventora
2	**Escala de Administración Xeral**				
2.1	Subescala Administrativa	2	C1	1O1V	- Administrativo
2.2	Subescala Auxiliar	4	C2	4O	- Auxiliar
3	**Escala de Administración Especial**				
3.1	**Subescala Técnica.**				
3.1.1	Técnicos Superiores:	2	A1	O O	- Arquitecto/a - Axente Desenvolvemento Local
3.1.2	Técnicos Medios:	4	A2	O O O	- Enxeñeiro Téc. Agrícola/Forestal - Diplomado/a Escola Infantil (2 postos) - Traballadora Social
3.1.3	Técnicos Auxiliares:	4	C1	O	Técnico Especialista Escola Infantil (4 postos)
3.2	**Subescala de Servizos Especiais.**				
3.2.3	**Prazas de cometidos especiais:**				
3.2.3.1	Técnico/a Cultura	1	A2	INT	Animador sociocultural
3.2.d	**Persoal de oficios:**				
3.2.d.3	Oficial	1	C1	O	Oficial Augas-Fontaneiro

B) Persoal Laboral Fixo: 51

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GR	SIT	POSTOS EXISTENTES
Técnico Informático	1	A2	O	Técnico Informático
Auxiliar de Cultura	1	C2	O	Auxiliar de Cultura
Capataz de Incendios	1	C2	O	Capataz Forestal
Condutor de Tractor	1	C2	O	Condutor de tractor
Oficiales	1	C1	O	Responsable de Servizos Múltiples
	3	C2	3T	Oficial de Augas/EDAR
	2	C2	1O1V	Oficial de mantemento edificios

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2026 (05/11/2026 08:00:00)

Cociñeiro/a Escola Infantil	1	C2	T	Cociñeiro/a
Auxiliar Puericultura	1	C2	O	Auxiliar Puericultura
Auxiliar Axuda no Fogar	19	AP	19O	Auxiliar Axuda Fogar
Operarios	1	AP	T	Operario augas
	4	AP	1O/3T	Operario servizos multiples
Conserxe	1	AP	O	Conxerxe Colexio
Limpador/a	2	AP	O	Limpador/a edificios públicos
Educadora Familiar (Xornada parcial)	1	A2	O	Educadora Familiar
Limpeza Colexios	2	AP	O	Limpeza Colexios
Técnico/a deportivo/a	1	A2	T	Técnico/a de deportes
Técnico/a de turismo	1	A2	T	Técnico/a de turismo
Traballadora Social (xornada parcial)	1	A2	O	Traballadora Social
Técnico/a sanitario/a (fixo-discontinuo)	1	C1	O	Técnico/a sanitario praias
Coordinación socorrismo (fixo-discontinuo)	1	C2	O	Coordinador do servizo de socorrismo en praias
Socorristas (fixos-discontinuos)	5	C2	V	Socorristas en praias
Vixilante comedor escolar (xornada parcial e fixo-discontinuo)	1	AP	T	Vixilante comedor CEIP San Cosme.

* O: ocupada en propiedade

* V: vacante

* INT: funcionario/a interino/a

*T: cuberta provisionalmente con persoal temporal

Barreiros, 2 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3007

BÓVEDA

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos- suplemento de crédito- financiado por remanentes de tesourería, por acordo do Pleno extraordinario do 02/11/2026, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido este non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

Bóveda, 2 de novembro de 2026.- O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 3008

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2026 (05/11/2026 08:00:00)

RÁBADE

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 5º bimestre do 2026.

Por Decreto da Alcaldía de data 27 de outubro de 2026, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 5º bimestre do 2026, cuxo importe total ascende á cantidade de 127.257,38 (cento vinte e sete mil douscentos cincuenta e sete con trinta e oito) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 27 de outubro do 2026 ata o 26 de decembro de 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 27 de outubro de 2026.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 2988

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 26 de outubro de 2026 aprobouse o padrón das Escolas Deportivas municipais correspondente ao 1º trimestre 2026-2027 (out-nov-dec), por importe total de 11.403,00 euros, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e se presenten contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 26 de outubro de 2026.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 2989

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – LUGO

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA. ANO 2026

BDNS (Identif.): 938730

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/938730)

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2026 (05/11/2026 08:00:00)

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA AS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA (ÁREA DE CULTURA). EXERCICIO ECONÓMICO 2026.

De conformidade co establecido nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria de subvencións para as asociacións culturais e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da cultura, cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

PRIMEIRO.- OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Cultura ás asociacións e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2026, de programas e actividades culturais que beneficien a colectivos no eido da cultura, e estean directamente relacionadas co fomento da cultura, o turismo ou a promoción da lingua.

SEGUNDO.- ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.

b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundacións ou calquera outro rexistro público.

c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.

d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da cultura.

g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación cultural realizada pola Área de Cultura.

h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2026.

i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e, de ser o caso, renovación dos membros da directiva.

j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

As bases xerais reguladoras da concesión de subvencións a asociacións e/ou entidades xurídico- privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades culturais que beneficien a colectivos no eido da cultura, no exercicio económico 2026, aprobadas na Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, acordo número 5/448 do 26 de outubro de 2026.

CUARTO.- IMPORTE

No orzamento municipal para o Exercicio de 2026 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo o cadro que a continuación se indica:

Servizo: Cultura

Partida orzamentaria: 33000.48900

Importe: 15.000,00 €

QUINTO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración

Puntuación

Orixinalidade e carácter innovador da actividade. Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio: 0,5 puntos.

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2026 (05/11/2026 08:00:00)

Nº de actividades anuais programadas e realizadas pola entidade no eido dos servizos culturais: Ata 1 punto

Ata 5 actividades: 0,5 puntos

Máis de 5 actividades: 1 punto

Antigüidade da asociación con programación continua en actividades desenvolvidas no eido da cultura (sen contar a edición actual). Ata 2

De 1 a 5 anos de actividade: 1 puntos.

De 6 a 10 anos de actividade: 1,5 punto.

Máis de 10 anos de actividade: 2 puntos.

Actividades (obxecto de subvención) que promoven a igualdade, non discriminación e educación e valores nas actuacións propostas: 1 punto.

Achega dun Plan de medios onde se recollan as actuacións de difusión previstas, coa correspondente especificación en cada caso e nas que se indique a colaboración do Concello de Lugo: Ata 2

- Actuacións en redes sociais: 0,5 puntos.

- Cartelería e folletos impresos: 0,5 puntos.

- Anuncios en prensa escrita (xornais, revistas, etc.): 0,5 puntos.

- Anuncios en radio, tv, etc.: 0,5 puntos.

Difusión dos valores culturais lucenses e galegos. 0,5 puntos.

Que na composición da directiva da asociación exista como mínimo unha porcentaxe do 50% de mulleres. 0,5 puntos.

Que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade (debidamente acreditado con certificación e acordos ou actas). 0,5 puntos.

Puntuación máxima: 8 puntos

Para optar á concesión da subvención será preciso obter unha puntuación mínima de 3 puntos.

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor punto, que determinará as cantidades inicialmente asignadas a cada beneficiario. Excepcionalmente, de acordo co artigo 22.1 da LXS, prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da actividade para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

SEXTO.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (https://lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal: "considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a subsanación".

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de DEZ DÍAS HÁBILES, contados dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e termos previstos na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8).

Lugo, 26 de outubro de 2026.- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude, Javier Vázquez Prado.

R. 2990

Anuncio publicado en: Num BOP 254 año 2026 (05/11/2026 08:00:00)